

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 3 DE MAIO DE 2011.

ASISTENTES:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

CONCELLEIROS:

D. José M. Balseiro Canoura

D. José Manuel González Álvarez

D^a. M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. Modesto Ben Fernández

D. Xesús Xosé Fernández Bouza

D. Secundino Vázquez Fra

D. Javier Fernández Basanta

D. Jesús Casabella Lage

INTERVENTORA:

D^a Elena Santos Rey

Ausentes:

D^a. Ana María Abad López

D. Jaime Pernas Rodríguez

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as 11 horas do día tres de maio de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º) APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN PLENARIAS ANTERIORES DE DATAS 14 DE MARZO DE 2011, 25 DE ABRIL DE 2011 (SORTEO MEMBROS MESAS ELECTORAIS) E 25 DE ABRIL DE 2011.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ós borradores das actas das sesións plenarias de datas 14 de marzo de 2011, 25 de abril de 2011 (sorteo membros mesas electorais) e 25 de abril de 2011.

Non habendo obxeccións, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-los borradores das actas das sesións plenarias de datas 14 de marzo de 2011, 25 de abril de 2011 (sorteo membros mesas electorais) e 25 de abril de 2011.

membros mesas electorais) e 25 de abril de 2011.

2º) APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO PRESUPUESTARIO DE 2010. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do dictame da Comisión Informativa de Contas de data 25 de abril de 2011 que a seguir se transcribe íntegramente:

“1º) CONTA XERAL DO PRESUPUESTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE O EXERCICIO DE 2010. INFORME.

Por Secretaría dáse conta á Comisión do expediente da Conta Xeral do Presupuesto Municipal correspondente ó exercicio de 2010, elaborada pola Interventora Municipal, integrada polos seguintes estados:

- *Balance*
- *Conta do resultado económico patrimonial*
- *Estado de liquidación do presuposto*
- *Memoria*

Inclúese igualmente no expediente de razón, a liquidación do presuposto municipal correspondente ó exercicio de 2010, aprobada por decreto de Alcaldía de data 31 de xaneiro de 2010.

Dáse conta igualmente que a Conta Xeral do 2010 unha vez ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 14 de marzo de 2011 foi sometida ao preceptivo

trámite de información pública mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 67 de data 24 de marzo de 2011.

Obra no expediente certificación de Secretaría de data 20/04/2011 na que se acredita que no prazo de exposición pública non se presentou ningunha reclamación,

Enterada a Comisión, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Meitín Guerreiro e Vázquez Fra e coa abstención do Sr. Fernández Bouza quen manifesta que se pronunciará no Pleno; acorda :

1º) Informar favorablemente, a Conta Xeral do Presuposto Municipal correspondente ó exercicio 2010 e dar traslado da mesma ao pleno corporativo para o seu coñecemento e, se é o caso, aprobación.”

Enterado, o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, González Álvarez, Meitín Guerreiro, Vázquez Fra, Fernández Basanta, e Casabella Lage, e coa abstención dos Sres. Fernández Bouza e Ben Fernández, acorda aproba-la Conta Xeral correspondente ó exercicio presupostario de 2010.

3º) ORDENANZA REGULADORA DA APERTURA DE ESTABLECEMENTOS PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES NON SOMETIDAS A AVALIACIÓN AMBIENTAL. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía de data 12 de abril de 2011 e do texto da Ordenanza Reguladora da Apertura de Establecementos para o exercicio de actividades non sometidas a avaliación da incidencia ambiental, elaborada polos Servizos Municipais de Secretaría e Intervención obrante no expediente.

Enterado, o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, González Álvarez, Meitín Guerreiro, Vázquez Fra, Fernández Basanta, e Casabella Lage, e coa abstención dos Sres. Fernández Bouza e Ben Fernández, acorda aprobar inicialmente a Ordenanza Reguladora da Apertura de Establecementos para o exercicio de actividades non sometidas a avaliación da incidencia ambiental, e sometela ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro Municipal, os efectos de que durante dito prazo poidan presentarse as reclamacións e/ou alegacións que se estimen oportunas. No suposto de non presentarse alegacións e/ou reclamacións, no citado prazo de exposición pública, o presente acordo de aprobación inicial entenderanse elevado a definitivo.

4º) ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZA DE ACTIVIDADE E/OU APERTURA DE ESTABLECEMENTOS. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do ditame da Comisión Especial de Contas de data 25 de abril de 2011 que a seguir se transcribe integramente:

“2º) ORDENANZA FISCAL REGULAMENTADORA DA TAXA POR LICENZA DE ACTIVIDADE E/OU APERTURA DE ESTABLECEMENTOS. APROBACIÓN INICIAL. INFORME. *Por Secretaría dáse conta á Comisión da proposta de Alcaldía e dos informes emitidos pola Interventora e mailo Secretario municipais relativos ao asunto do epígrafe.*

Polo Secretario municipal explícanse os aspectos máis saientables da Ordenanza de referencia.

Enterada a Comisión, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, González Álvarez, Meitín Guerreiro e Vázquez Fra e coa abstención do Sr. Fernández Bouza quen manifesta que se pronunciará no Pleno; acorda :

1º) Informar favorablemente, a aprobación da ordenanza fiscal regulamentadora da taxa por licenza de actividade e/ou apertura de establecementos reflectida na proposta de Alcaldía obrante no expediente e dar traslado da mesma ao pleno corporativo para o seu coñecemento e, se é o caso, aprobación.”

Enterado, o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, González Álvarez, Meitin Guerreiro, Vázquez Fra, Fernández Basanta, e Casabella Lage, e coa abstención dos Sres. Fernández Bouza e Ben Fernández, acorda aprobar inicialmente a Ordenanza fiscal regulamentadora da taxa por licenza de actividade e/ou apertura de establecementos, e sometela ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro Municipal, os efectos de que durante dito prazo poidan presentarse as reclamacións e/ou alegacións que se estimen oportunas. No suposto de non presentarse alegacións e/ou reclamacións, no citado prazo de exposición pública, o presente acordo de aprobación inicial entenderase elevado a definitivo.

5º) PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS MODELOS DE DECLARACIÓN DE BENS PATRIMONIAIS E DA PARTICIPACIÓN EN SOCIEDADES E DE DECLARACIÓN SOBRE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E SOBRE ACTIVIDADES QUE PROPORCIONEN OU PODAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS E CREACIÓN DOS RESPECTIVOS LIBROS REXISTRO, QUE DEBERÁN CUMPRIMENTAR POR IMPERATIVO LEGAL OS CONCELEIROS QUE RESULTEN ELECTOS NAS VINDEIRAS ELECCIÓNS LOCAIS DO 22 DE MAIO. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación a Providencia de Alcaldía de data 12 de abril de 2011, e do informe emitido polo Secretario Municipal con data 13 de abril de 2011 obrantes no expediente.

Dáse conta igualmente dos modelos referenciados no citado informe, isto é, dunha banda o modelo de declaración de bens patrimoniais e da participación en sociedades e doutra banda o modelo de declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos, elaborados pola Secretaría municipal.

Enterado, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda:

1º) Aproba-lo Modelo de Declaración de Bens Patrimoniais e da Participación en Sociedades e o Modelo de Declaración sobre Causas de Posible Incompatibilidade e sobre Actividades que Proporcionen ou Poidan Proporcionar Ingresos Económicos obrantes no expediente, que a seguir se transcriben:

«MODELO DE DECLARACIÓN DE BENS PATRIMONIAIS E DA PARTICIPACIÓN EN SOCIEDADES»

CORPORACIÓN: ANO 20__/20__

DATA DE ANOTACIÓN: ___/___/___

N.º DE REXISTRO: _____

NOME		DNI	
ENDEREZO	RÚA	N.º	
LOCALIDADE		C.P.	

De conformidade co disposto no art. 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local, formulo a seguinte declaración sobre os bens e dereitos que integran o meu patrimonio

1. BENS DE NATUREZA URBANA

ENDEREZO (Rúa e número)	MUNICIPIO	PROVINCIA	Nº REXISTRAL	DATA DE ADQUISICIÓN
1				
2				
3				
4				

2. BENS DE NATUREZA RÚSTICA

MUNICIPIO	PROVINCIA	DATA DE ADQUISICIÓN	Nº REXISTRAL
1			
2			
3			
4			

3. CONTAS E VALORES BANCARIOS

CLASE DE TÍTULO	ENTIDADE EMISORA	DATA DE ADQUISICIÓN
1		
2		
3		
4		

4. OUTROS VALORES MOBILIARIOS

CLASE DE TÍTULO	ENTIDADE EMISORA	N.º DE SERIE OU N.º REXISTRAL	DATA DE ADQUISICIÓN
1			
2			
3			
4			

5. DEREITOS REALES

NATUREZA	CONTIDO DO DEREITO
1	
2	

3				
4				
6. VEHÍCULOS				
	TIPO	MODELO	DATA DE ADQUISICIÓN	MATRÍCULA
1				
2				
3				
4				
7. SEMOVIENTES				
	ESPECIE	N.º DE CABEZA	DESCRIPCIÓN	N.º DE CABEZAS
1				
2				
3				
4				
8. BENS MOBLES DE CARÁCTER ARTÍSTICO OU DE CONSIDERABLE VALOR ECONÓMICO				
	TIPO	VALOR ARTÍSTICO	VALOR ECONÓMICO	
1				
2				
3				
4				
9. PARTICIPACIÓN EN SOCIEDADES				
	TIPO DE SOCIEDADE	CLASE DE PARTICIPACIÓN		
1				
2				
10. TIPO DE DECLARACIÓN				
Marcar cun X o cadro que proceda:				
	Inicial			
	Final (por cese no cargo)			
	Modificación (declaración de actualización ou modificación da información)			

En cumprimento do disposto no art. 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e para que conste aos efectos oportunos, asino a presente declaración, declarando ser certos os datos nela consignados.

En Xove, a de de 20

O Interesado,

O Secretario,

Asdo.

Asdo.

MODELO DE DECLARACIÓN SOBRE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E SOBRE ACTIVIDADES QUE PROPORCIONE OU PODAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS

CORPORACIÓN: ANO 20__/20__

DATA DE ANOTACIÓN: __/__/__

N.º DE REXISTRO: _____

NOME			DNI		
ENDEREZO		RÚA		N.º	
LOCALIDADE			C.P.		

De conformidade co disposto no art. 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e os arts. 30 e 31 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulo a seguinte declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades e declara:

Que [non concorre ningunha das causas de incompatibilidade descritas no art. 178 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeneral/que concorren as seguintes causas de incompatibilidade das descritas no art. 178 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeneral.

1. _____
2. _____]

ACTIVIDADE QUE DESENVOLVE		
1. ACTIVIDADE/CARGO PÚBLICO		
ADMINISTRACIÓN/EMPRESA/ORGANISMO:	Localidade:	Provincia:
DENOMINACIÓN DO POSTO:	CORPO/ESCALA:	
DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:		
REMUNERACIÓN:		
2. CARGO DE REPRESENTACIÓN POPULAR		
Órgano:	Cargo:	Remuneración:
3. CARGO EN CÁMARAS OU COLEXIOS PROFESIONAIS		

Corporación:	Localidade:	Provincia:
Cargo:		
Remuneración:		
4. ACTIVIDADE POR CONTA PROPIA		
ACTIVIDADE OU EMPRESA:	Localidade:	Provincia:
DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE:		
NIF:	N.º de inscrición/filiación á Seguridade Social:	
5. ACTIVIDADE POR CONTA ALLEA		
ENTIDADE OU EMPRESA:	NIF:	
Domicilio Social:	Localidade:	Provincia:
DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE DA ENTIDADE OU EMPRESA:		
DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE QUE DESENVOLVE:		
6. OUTRAS ACTIVIDADES		
7. AMPLIACIÓN DE DATOS POLO DECLARANTE		
8. TIPO DE DECLARACIÓN		
Marcar cunha X o cadro que proceda:		
<input type="checkbox"/>	Inicial	
<input type="checkbox"/>	Final (por cese en el cargo)	
<input type="checkbox"/>	Modificación (declaración de actualización o modificación de la información)	

En cumprimento do disposto no art. 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e para que conste aos efectos oportunos, asino a presente declaración, declarando ser certos os datos nela consignados. En Xove, a de de 20..... O Interesado, Asdo. O Secretario, Asdo. “

2º) Aproba-la creación dos correspondentes libros-rexistros donde se inscribirán as declaracións efectuadas polos concelleiros integrantes da Corporación Municipal.

6º) EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DUN TRAMO DE CAMIÑO PÚBLICO UBICADO NO LUGAR DE FORMIGUEIRO, PARROQUIA DE LAGO-XOVE. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do Decreto de Alcaldía de data 28 de abril de 2011 que a seguir se transcribe integramente:

*“D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove,
VISTO o escrito presentado por D. Alejandro Pedrosa López na representación da mercantil
ALUMINIO ESPAÑOL S.A. con data 25/04/2011 que complementa ao presentado con data
01/04/2001 e nos que interesa que, previa desafectación do dominio público municipal dun tramo
de camiño público (Inventariado co nº: 1C.1.0059) descrito na planimetría aportada; se
proceda á súa posterior permuta por outro de similares características, tamén descrito na
planimetría aportada; propiedade da mercantil da súa representación que melloraría as
utilidades do mesmo.*

*CONSIDERANDO que o Concello de Xove é propietario do citado ben demanial: camiño
público inventariado co nº. 1C.1.0059 ubicado no lugar do “ Formigueiro “, Parroquia de Lago (Xove).*

*CONSIDERANDO que o citado tramo de camiño no seu actual trazado non cumpre xa coa súa
función de uso público pola edificación sobrevenida de naves e basicamente pola apertura de
outros viais de comunicación.*

RESOLVO

*PRIMEIRO. Proponer ó Pleno Municipal, previo informe de oportunidade e legalidade por
Secretaría e os Servizos Técnicos, que proceda a tramita-lo correspondente expediente de
alteración da calificación xurídica do referenciado tramo do camiño público inventariado co nº.
1C.1.0059 ubicado no lugar do “ Formigueiro “, Parroquia de Lago (Xove) como ben de
dominio público converténdose en ben de carácter patrimonial como requisito previo e
necesario á súa posterior permuta.*

Mandoo e asinoo en Xove a vinte oito de abril de dous mil once.”

Dáse conta igualmente da documentación presentada pola representación legal da mercantil Aluminio Español S.A. e dos informes emitidos respectivamente polo Arquitecto Técnico e mailo Secretario municipais, obrantes no expediente.

Enterado, o Concello Pleno, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, González Álvarez, Meitin Guerreiro, Ben Fernández, Vázquez Fra, Fernández Basanta, e Casabella Lage, e coa abstención do Sr. Fernández Bouza, acorda aprobar inicialmente a desafectación do dominio público do tramo do camiño de titularidade municipal inventariado co nº 1C-1.0059 ubicado no lugar de O Formigueiro, parroquia de Lago-Xove, descrito na planimetría e documentación obrante no expediente; sometendo o presente acordo de aprobación inicial ó preceptivo trámite de información pública por prazo de un mes, os efectos da presentación de reclamacións e/ou alegacións.

No suposto de non presentarse alegacións e/ou reclamacións no citado prazo de exposición pública, o presente acordo de aprobación inicial entenderase elevado a definitivo.

7º) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 9, CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO PRESUPUESTARIO DE 2011. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó Concello Pleno do expediente de modificación de crédito do epígrafe e da documentación e informes preceptivos, obrantes no expediente.

Dáse conta asimismo da proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe integramente:

“MEMORIA XUSTIFICATIVA E PROPOSTA DE ALCALDÍA

JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove,

No desenvolvemento e execución do Orzamento Municipal de investimentos, obsérvase a inexistencia de crédito en dúas partidas do Estado de Gastos referidas a dous proxectos de investimento, un deles a financiar parcialmente pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a través do Programa Leader Galicia 2007-2013.

De conformidade coas disposicións vixentes, cando deba realizarse algún gasto para o que non exista crédito no Orzamento vixente ou sexan insuficientes as dotacións previstas, a Corporación poderá acordar a concesión de crédito extraordinario no primeiro dos casos, ou de suplemento de crédito para o segundo dos supostos. Dita modificación poderá atenderse, entre outros medios de financiación, co Remanente de Tesourería para Gastos Xerais derivado da Liquidación do exercicio anterior e que ascendeu a 1.925.219,68 euros.

A modificación que se propón refírese aos seguintes gastos e fundaméntase o seu carácter inaprazable nos seguintes argumentos:

- *Dótase o crédito necesario para facer fronte á aportación municipal da obra “Recuperación e sinalización das rotas da antiga romaría do santo Antonio da Rigueira”. Para este proxecto, AGADER concedeu ao Concello de Xove unha axuda por importe de 34.986,00 euros, dun orzamento aceptado por importe de 49.980 euros mailo correspondente IVE. A urxencia desta modificación radica na celebración do día de San Antonio de A Rigueira o vindeiro 12 de xuño, co que resultaría necesario que o proxecto de sinalización das rotas estea completo para esa data. Pola contía da axuda da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural xa se aprobou por Resolución de Alcaldía o oportuno expediente de xeración de créditos con data 11 de abril de 2011.*
- *Dótase o crédito necesario para completar o plan de asfaltados e aglomerados iniciado a principios de ano cuxo crédito resultou insuficiente á vista do estado de determinadas carreteras e pistas que atravesan o noso Concello.*

<i>Partida</i>	<i>Denominación</i>	<i>Consign. Inic. + aumentos anteriores por proxecto</i>	<u>AUMENTO</u>	<i>Consignac. Final</i>	<u>FINALIDADE</u>
334.609	<i>Promoción cultural. Outros investimentos</i>	34.986,00	24.000,00	58.986,00	<u>SINALIZACIÓN DAS RUTAS A SAN ANTONIO</u>
453.210	<i>Carreteras. Reparación de infraestruturas</i>	80.000,00	50.000,00	130.000,00	<u>BACHEOS</u>
453.619	<i>Carreteras. Outro investimento de</i>	139.500,00	70.000,00	204.500,00	<u>ASFALTADOS E</u>

	reposición				<u>AGLOMERADOS</u>
	TOTAL		144.000,00		

O presente expediente finánciase con Remanente Líquido de Tesourería deducido da Liquidación do exercicio 2.010.

*En base a esta memoria xustificativa, esta Alcaldía estima procedente tramitar o correspondente expediente de suplemento de crédito nas partidas que corresponde, cuxos recursos se nutrirán con Remanente Líquido de Tesourería e somete á consideración do Concello Pleno a aprobación inicial do expediente nº 9/2011 de Modificación de Créditos por importe total de **CENTO TRINTA E NOVE MIL EUROS (139.000,00)**”*

Polo Sr. Alcalde explícanse os aspectos máis salientables do devandito expediente.

Polo Sr. Vázquez Fra manifestase que o grupo de AVEYO está totalmente de acordo coa inversión proxectada.

Polo Sr. Fernández Bouza manifesta que o BNG vaise abster por considerar que unha vez máis amosase unha certa falta de previsión e planificación nas inversións municipais.

O Sr. Ben Fernández tamén manifesta a súa intención de absterse por detectar un certo electoralismo nas inversións proxectadas.

Enterado, o concello Pleno, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, Balseiro Canoura, González Álvarez, Meitin Guerreiro, Vázquez Fra, Fernández Basanta, e Casabella Lage, e coa abstención dos Sres. Fernández Bouza e Ben Fernández, acorda aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 9/2011 do Orzamento Municipal de 2011 por importe de 144.000,00€, reflectido na proposta de Alcaldía anteriormente transcrita; sometelo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 15 días mediante anuncio a insertar no Taboeiro municipal de anuncios e a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de alegacións ou reclamacións no citado prazo, o presente acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

8º) ROGOS E PREGUNTAS.

Neste punto non houbo intervencións.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as doce horas e cinco minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo